




## Relacións institucionais

 <p>PLAN FORESTAL DE GALICIA SÍNTESE XUNTA DE GALICIA</p>	<p><b>REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA (PFG): exposición pública</b>  <b>Antecedentes:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O PFG é o instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal galega.</li> <li>▪ Atópase en fase de revisión, despois dun cuarto de século da súa aprobación (1992).</li> <li>▪ O pasado decembro, a administración forestal presentou ao sector un borrador da revisión ao que FEARMAGA presentou as súas consideracións.</li> </ul> <p><b>Situación actual:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ No verán, abriuse o prazo de exposición pública dunha nova versión do texto. <b>Alguns dos cambios introducidos dan resposta parcial ás reivindicacións de FEARMAGA</b> no tocante a:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Necesidade da determinación do modelo de industria que queremos.</li> <li>- Incremento da produción de madeira de calidade.</li> </ul> </li> <li>▪ Porén, FEARMAGA presentou novamente alegacións nesta fase porque continúa sendo necesario contemplar cuestións claves como:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da dispoñibilidade de madeira como materia prima.</li> <li>- Simplificación dos trámites administrativos.</li> </ul> </li> </ul>
	<p><b>PERMISOS DE CORTA: novo réxime administrativo</b>          FEARMAGA segue a traballar co obxectivo de acadar a <b>simplificación dos permisos de corta garantindo a seguridade xurídica</b> na actividade dos rematantes. Con este fin, presentáronse consideracións á consulta pública dos seguintes proxectos normativos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> <u>Decreto que regulará os aproveitamentos madeireiros</u> e que derrogará case na súa totalidade o Decreto 50/2014 vixente.</li> <li><input type="checkbox"/> <u>Orde pola que se aprobarán os Pregos de condicións sectoriais</u> para zona de protección de <b>estradas autonómicas</b>, zona de policía de <b>Augas de Galicia</b> e para terreos que forman parte da <b>Rede Natura</b>. Unha vez aprobados, será posible realizar cortas presentando unha declaración responsable (no canto dunha autorización, como actualmente).</li> </ul>
<p><b>Ordenanzas municipais</b></p>	<p><b>ORDENANZAS REGULADORAS DA SACA E TRANSPORTE DE MADEIRA</b>          En defensa dos intereses dos seus asociados, <b>FEARMAGA presentou alegacións</b> ás recentes aprobacións provisionais das ordenanzas dos concellos de <b>Xermade, Ames, Narón, Moeche e Monterroso</b>.</p>

## Servizos prestados a socios

<p><b>GARRIGUES</b> <b>iSSGA</b></p>	<p><b>XORNADA PRL: As 24 h seguintes ao accidente de traballo</b>          O 5 de outubro, FEARMAGA organizou un encontro en Santiago de Compostela no que 30 empresas do sector puideron debater con expertos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e do equipo de avogados de Garrigues sobre cómo debe prepararse unha empresa ante un accidente laboral e a importancia da coordinación e de dispor dun protocolo específico de actuación. Esta acción forma parte do <i>Plan de formación sectorial</i> de FEARMAGA.          Ver <a href="#">vídeo</a> e <a href="#">nota de prensa</a></p>
	<p><b>CURSOS REALIZADOS - VÁLIDOS PARA AXUDAS FEADER</b>          Dentro do <i>Plan de formación sectorial</i> de FEARMAGA, veñen de celebrarse os seguintes cursos en Santiago de Compostela:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posta en marcha e mantemento da motoserra (19-21/09) Ver <a href="#">fotos e nota de prensa</a></li> <li>- Realización de inventarios de vexetación (3-5/10) Ver <a href="#">fotos e nota de prensa</a></li> </ul>

## Reserva a túa praza!

	<p><b>XORNADA GRATUÍTA SOBRE PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE PERMISOS DE CORTA</b>          No marco do <i>Plan de formación sectorial</i> de FEARMAGA, celebrarase unha xornada gratuíta sobre a <i>Aplicación das tecnoloxías da información á xestión dos aproveitamentos forestais e ás relacións coa administración</i> cos seguintes horarios e localizacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Santiago de Compostela:</b> martes 30/10, 10:00 – 14:00 h</li> <li>- <b>Verín:</b> martes 06/11, 10:30 – 14:30 h</li> <li>- <b>Pontedeume:</b> xoves 08/11, 16:00 – 20:00 h</li> <li>- <b>Ponteareas:</b> martes 13/11, 09:15 – 13:15 h</li> </ul> <p><b>Inscríbete!:</b> ☎ 981568390 ✉ <a href="mailto:informacion@maderasdeg Galicia.com">informacion@maderasdeg Galicia.com</a></p>
---	---